

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2022 pola que se aproba e se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e se convocan as persoas aspirantes á realización do primeiro exercicio (probas de lingua galega) do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, pola quenda de acceso libre.

Mediante a Resolución reitoral do 24 de novembro de 2021 (DOG do 10 de decembro de 2021 e BOE do 13 de xaneiro de 2022), convocáronse probas selectivas para cubrir dez prazas na escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, pola quenda de acceso libre.

Mediante a Resolución reitoral do 2 de marzo de 2022 (DOG do 16 de marzo), aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas ás citadas probas selectivas pola quenda de acceso libre e fixouse un prazo para emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión.

Rematado o dito prazo e consonte o establecido na base 4.4 da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas.

Segundo. Indicar que a citada listaxe definitiva está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web https://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/convocatorias.html

Terceiro. Convocar as persoas aspirantes admitidas que non están exentas deste exercicio para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición (probas de lingua galega), o día 16 de xuño de 2022, ás 9.30 horas, na aula 26 da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Campus Norte (avenida do Burgo das Nacións, s/n, Santiago de Compostela).

O tribunal publicará os sucesivos anuncios de realización dos demais exercicios nos locais onde se realizase a proba anterior, no taboleiro electrónico da universidade e na páxina web http://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/convocatorias.html

CVE-DOG: x3ebsda0-7lj1-ffd7-1k1-ifcrxkpwzv10



Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o devandito recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2022

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: x3ebsda0-7lj1-ffd7-i1k1-ifcrxkpwzv10

